

Estimados Sres./Sras.:

Este ano con motivo da celebración da Feira Medieval de Vilalba queremos invitalos á participación activa nas distintas actividades que se están a organizar.

Os obxectivos principais que se tiveron en conta para a creación destas actividades son os seguintes:

- Dotar de contidos á feira medieval para convertela nun recurso cultural e non só nun acto lúdico.
- Conseguir a participación dos veciños e veciñas de Vilalba.
- Crear un novo recurso turístico para o Concello e o mesmo tempo promocionar o seu Patrimonio.
- Dotar á sociedade de Vilalba de mecanismos que faciliten as relacións interxeracionais entre as persoas.

Algunhas das actividades, que terán lugar no casco antigo de Vilalba, son as seguintes:

Desfile Calendario Xuliano.

Asedio dos Irmandiños ó Castelo de Vilalba.

Os Cabaleiros: exposición dunha armadura e panel explicativo.

Exposición da obra de Alfredo Erias no Auditorio.

Recreación teatral dun xuízo e dunha execución medieval.

Xogos medievais.

Concerto medieval.

“A Cacería do Xabarín”.

Espectáculo de lume: Pasarrúas Lume; queimada (persoaxes que realizarán coreografías, malabares, tragalumes, conxuro da queimada, etc...)

Home orquestra.

Pasarrúas medieval: grupo de titiriteiros con espectáculo de ritmo.

- Bufonadas; gárgolas e quimeras.
- Cetrería.
- O recuncho infantil.
- E demais actividades que se están a desenrolar: Mesa redonda, Os Alborotos dos Cabaleiros, Xogos Tradicionais, Exhibición de Tiro con Arco.

A continuación sinalamos as actividades nas que os invitamos a participar e a colaborar. Para unha maior participación dos nenos e nenas dispórase dun taller de vestimentas medievais e un recital de cantigas de amigo:

- **Vestimentas Medievais:** para a confección das vestimentas organizarase un taller no concello onde unha persoa axudará a confección de patróns, corte de telas e a costura. Para a mellor organización os nenos e nenas que queiran participar deberán apuntarse no seu colexio ou instituto.
- **Recital de Cantigas de Amigo:** o igual que no anterior taller invitamos a todos os nenos e nenas que queiran recitar unha cantiga de amigo. Para isto deberán de apuntarse tamén no seu correspondente colexio ou instituto. Instalarase unha tarima por distintos lugares da Feira Medieval dende o que se recitarán as cantigas.

Unha vez que dispoñamos do programa enviáremosllo con todas as actividades detalladas: explicación da actividade, ubicación, horarios, etc.

Estas actividades están deseñadas para a participación de todo aquel que o desexe xa que sen a xente de Vilalba e sen vostedes a Feira non tería sentido. Con todo isto invitámoslos á participación en calquera das actividades que desexen co fin de pasar un marabilloso e medieval fin de semana.